



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 07 DE XULLO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00035548K.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00019093B.

Adxudicación do contrato do “Servizo de Novas Tecnoloxías para a rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela” á empresa SERVIPLUSTOTAL, SL

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto “Servizo de Novas Tecnoloxías para a rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela” á empresa SERVIPLUSTOTAL, SL, por un importe total de 344.245,00 euros (Base imponible: 284.500,00 euros, IVE do 21%: 59.745 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Segundo: Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 040-33403-2279900), reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

anualidade 2022: 100.404,79 euros

anualidade 2023: 172.122,50 euros

anualidade 2024: 71.717,71 euros